

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de maio de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Pablo Pérez Pérez	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 16 de maio de 2018 , ás 17.31 horas, baixo a presidencia de D. Pablo Pérez Pérez, e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
DEPUTADOS/AS:	
D. Plácido Álvarez Dobaño	
D. José Antonio Feijoo Alonso	
D. Antonio Montero Fernández	
D. Miguel A. Cid Álvarez	
D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas	
D. Vicente Gómez García	
D. José Ignacio Gómez Pérez	
D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
SECRETARIO:	
D. Francisco Cacharro Gosende	
INTERVENTOR ACCTAL:	
D. José Mosquera Casero	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE ABRIL DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de abril de 2018, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO BNG A PROL DA RETIRADA DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE SENDA CICLO-PEONIL EN REZA.-

A Presidencia cede a palabra a don Ramiro Rodríguez Suárez, do grupo do BNG, para que expoña e defenda o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG, expón o contido da moción, dando lectura á parte dispositiva da proposta.

Non se producen intervencións, someténdose a votación o asunto, obtendo o voto favorable do Grupo do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (6) coa abstención do resto dos grupo, polo que a comisión non ditamina favorablemente a adopción do acordo proposto na moción.

3º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA AO ESTABLECEMENTO DUN PROGRAMA ESPECÍFICO DE AXUDA AOS CONCELLOS PARA A CREACIÓN, RECUPERACIÓN E MANTEMENTO DE FONTES EN ESPAZOS PÚBLICOS, ASÍ COMO O ACONDICIONAMENTO COHERENTE DA SÚA CONTORNA.-

A Presidencia cede a palabra a don Armando Ojea Bouzo, do grupo de DO, para que expoña e defenda o contido da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de DO, expón o contido da moción, dando lectura á parte dispositiva da proposta.

Non se producen intervencións, someténdose o asunto a votación, obtendo o voto favorable do Grupo de DO (1) coa abstención do resto dos grupo, polo que a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Establecer un programa específico de axuda aos concellos para a creación, recuperación e mantemento de fontes en espazos públicos, así como o acondicionamento coherente da súa contorna, para garantir o dereito universal á auga potable de calidade, promover o lecer, a cohesión social e o turismo, con base na argumentación desplegada na exposición de motivos.

Estas axudas irían encamiñadas a:

- Creación de fontes de auga potable e áreas de recreo en lugares en que non existan ou se precisen.
- Recuperación desas contornas en lugares nos que o abandono ou o vandalismo os degradaran.
- Custear estudos sobre a potabilidade da auga en fontes nas que esa potabilidade sexa dubidosa.
- Potabilización da auga nos casos en que os estudos previos o entendan posible.
- Ampliación de contornas recreativas do tipo referido xa existentes.
- Creación de fontes ornamentais en aras da súa función simbólica, socializadora, climatizadora, etc...
- Calquera outra medida que o concelle fundamente para contribuír a poñer en uso ou en valor as fontes públicas o as súas contornas.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG, formula unha pregunta (que en todo caso anuncia que trasladará por escrito) sobre a situación da base de helicópteros de Vilanova, en O Barco de Valdeorras, tema que xa se tratou nun pleno no que o BNG trouxo unha moción e tamén no debate sobre o estado da provincia, no que se adoptou un acordo sobre creación dunha rede de heliportos en terreos de titularidade provincial. Di que xa pasaron dez meses dende que o grupo de goberno, e concreto o deputado don Juan Anta, afirmou, en resposta a unha iniciativa do BNG, que se ían facer unhas obras na base, que resultaban necesaria e que unha vez feitas o servizo volvería a estar operativo; pero a día de hoxe as obras aínda non empezaron, cando xa está a piques de iniciarse a temporada máis crítica en materia de incendios forestais sen que o heliporto estea operativo. Concretamente, pregunta se dende a Deputación se solicitou á Xunta que cumprira a súa palabra de arranxar as deficiencias para que abra a base, porque é un territorio onde ten habido un número moi significativo de lumes, e un tempo de reacción de quince minutos, que é o que se tardaría dende esta base ata San Xoán de Río, pode ser determinante. Tamén lle gustaría saber cales foron as xestións que se realizaron por parte da Deputación para que esta obra, que entende que é prioritaria, se faga. Ao remate da súa intervención, o señor deputado exhibe fotografías do estado no día de hoxe en que se atopa o heliporto, comentando que se deduce que hai un heliporto pola cor da herba, porque polo demais o seu aspecto non é o dunha base de helicópteros nin nada que se lle pareza, e non hai ningunha obra en execución. Solicita que se lle dea resposta, se non é hoxe, para a seguinte comisión.

O **Sr. Presidente** di que toma nota da pregunta.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, di que o concello de Ribadavia remitiu un escrito á Deputación (aínda que non sabe se xa se recibiu) que corresponde a unha infraestrutura (o campo de fútbol do Xestal) que demandan. Di que quere manifestar agora para que conste – igual que fai cando ten que criticar algún aspecto do funcionamento da Deputación – os parabéns do concello de Ribadavia ao señor presidente da comisión, na súa condición de deputado delegado, pola dilixencia coa que sempre se trata no Plan de Cooperación e coas brigadas de obras ao concello de Ribadavia. Lembra que na anterior sesión desta comisión manifestou a súa desconformidade con sucedido co campo de fútbol de O Xestal, e xa se tramitou a modificación orzamentaria

para financiar as obras do campo, asunto no que como xa dixo entón hai algunhas cuestións que non lle parecen correctas. Di que agora dende o concello fixeron un escrito no que, tendo en conta que a Deputación é a institución que vai poñer máis cartos na obra, cando menos 235.000 euros, e a maiores vai ter que actuar coa súa propia maquinaria porque os cartos non van chegar, piden que a Deputación se faga cargo da contratación das obras e de todo o que implica ese expediente, incluíndo a solicitude dos permisos e autorizacións sectoriais que sexan esixibles; o concello porá a disposición os terreos e os cartos que lle corresponden (que en oparte será achegas do Plan Provincial) e pide que para maior axilidade do expediente sexa a Deputación a que se encargue de todo, porque senón o concello se pode atopar con que ten que pedir as autorizacións cando non éa administración autora do proxecto, o que sería un ir e vir que non ten moito sentido. Pide que se asine un convenio canto antes, onde cada parte asuma as súas obrigas, porque cre que é a mellor fórmula para todos, e ponse a disposición do señor deputado – delegado para calquera aclaración que precise.

O **Sr. Presidente** di que toma nota do rogo do Sr. Gómez Pérez, e entende que as cuestións que propoña no escrito a que fixo alusión poder ser recollidas nun convenio.

E, ás 17:45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.